

## **Ribadeo 27 de Setembro de 2006**

O equipo técnico e artístico da película “Los Muertos Van Deprisa” dirixida por Ángel de la Cruz quere manifestar o seguinte; A día de hoxe 27 de setembro de 2006, quinto día de rodaxe da película, coa totalidade do equipo artístico e técnico en rodaxe, oitenta e cinco persoas contratadas pola productora e un número de 60 persoas de figuración, a media mañá e mentres se rodaba unha secuencia da mesma, comunicóusenos a suspensión da rodaxe. Sen previo aviso e por sorpresa.

O equipo considera a situación de moi grave, tratándose ademais dunha película con un 99% de equipo galego, e que esta cancelación de rodaxe crea un precedente moi difícil de levantar no futuro.

Ademais da situación laboral que se lles presenta ós traballadores, esta nota de prensa quere manifestar a situación na que queda o concello de Ribadeo, e o pobo de Rinlo completamente involucrados no proxecto, cunha maioría dos decorados montados, exteriores e interiores.

Así e todo, a nosa última aspiración sería poder rematar esta película no prazo de tempo máis curto posible, co equipo actual e co director Ángel de la Cruz, polo que pedimos a quen corresponda tome as medidas oportunas.